

Estimadas familias:

Unha vez recibida a información da Consellería de Sanidade sobre os novos protocolos de xestión epidemiolóxica ante a aparición de casos de COVID-19 en centros educativos, destacamos a continuación os aspectos principais a ter en conta:

- Ante a aparición dun caso positivo **no ámbito familiar** debes seguir as indicacións xa existentes para a poboación xeral. Se o alumno/a é contacto estreito dun positivo familiar debe gardar corentena, agás os/as vacinados/as con pauta completa e/ou aquelas persoas que superaran a infección por COVID-19 nos últimos tres meses.
- **No ámbito escolar** recibimos estas novas indicacións:
 - **Cando un alumno/a é positivo** por COVID-19, ben por unha PCR, ben por proba de antíxenos realizada polos servizos de saúde ou ben por un autotest de antíxenos realizado na casa, a familia deberá:
 - Chamar ao 881 54 00 45 ou cubrir o formulario de autotest positivo nesta [ligazón](#).
 - Comunicalo ao centro 886 15 12 37 ou ao coordinador COVID 609 88 62 08 (Manolo).
 - Os casos confirmados de positivo por COVID-19 deberán permanecer 7 días en illamento. Pasado este tempo, e sempre que non tiveran síntomas durante polo menos os 3 últimos días da infección, poderán reincorporarse ao centro, mantendo unha vixilancia activa sobre a aparición de posibles síntomas ata completar polo menos 10 días desde o inicio do illamento. Non se requirirá en ningún caso proba algunha para reincorporarse ao centro. A reincorporación non poderá realizarse cando aínda se manifesten síntomas.
 - **A partir de agora non se identificarán os contactos estreitos no caso dun positivo por COVID-19 no centro**, polo que non se realizará corentena agás nos casos de alumnado especialmente vulnerable por motivos de saúde. Os compañeiros e compañeiras da escola non serán notificados como contactos estreitos dun caso positivo. O centro informará preferentemente de maneira telefónica, a aparición dun caso positivo na escola para que realicedes unha vixilancia dos menores durante un período de 10 días non que cabe destacar a necesidade de:
 - Extremar as medidas de prevención.
 - Evitar o contacto con persoas vulnerables.
 - Reducir as interaccións sociais non esenciais.
 - Sempre que haxa 5 ou máis casos confirmados nunha contorna específica do centro (**Considerarase a mesma contorna: un aula, unha liña específica do transporte escolar, unha mesa no comedor ou unha actividade extraescolar**) ou un 20% ou máis de casos positivos relacionados con esa contorna nun período igual ou inferior a 7 días, o centro poñerase en contacto coa Central de Seguimento de Contactos (CSC 981 21 90 16) e serán eles quen tomarán as decisións pertinentes.

O alumnado en corentena será atendido de forma telemática, como indica o Plan de Continxencia do Centro.

Apelamos máis que nunca á responsabilidade individual polo ben de toda a Comunidade Educativa e ante calquera dúbida contactade co centro nos teléfonos indicados anteriormente. Moito ánimo ante esta situación e grazas pola vosa colaboración.

Un cordial saúdo
Equipo directivo e Equipo COVID